FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

DEPORTE GALEGO · XUNTA DE GALICIA

# ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 15.07.2020

Nas dependencias do "Congreso" de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 15 de xullo de 2020, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2020/21, aprobadas por la Comisión Delegada.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2020/21, aprobadas polo Comisión Delegada.

6. Aprobación do Calendario de Actividades 2020-21.

7. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2019.

8. Orzamento de Exercicio 2020.

9. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

10. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 18:00 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

**1. Reconto dos membros asistentes:**
A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 38 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

**2. Aprobación da acta da sesión anterior:**
A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

**3.Informe do presidente:**

A 2019 – 2020, a temporada máis particular e estrana que nos tocou vivir, chega oficialmente ao seu fin. A crise provocada pola COVID19 situounos nun escenario sen precedentes a todos os niveis que dende esta Federación desexamos ter xestionado a altura das circunstancias.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 642-20
Fecha 04/08/2020
Dpto. SECRETARIA

É case inevitable que o acontecido a partir de mediados de marzo domine no resumo desta temporada, xa que a mesma viuse detida radicalmente non permitíndonos afrontar a recta final de todas as ligas tanto FEB como FGB, así como eventos e proxectos de vital importancia para o noso baloncesto como os Campionatos de España de clubs, con dobre sede para os Infantís en Galicia; ou os campionatos de seleccións minibasket.

Non queremos deixar atrás o traballo realizado ata a chegada do virus á nosa realidade, un traballo que detallarán máis polo miudo os responsables das áreas deportiva e arbitral, pero o presente imponse e as inquedanzas actuais dominan o noso presente.
No obxectivo sempre desta FGB durante estos tres meses pasados, e de cara ao futuro máis inmediato, estivo, e está, o permanecer ao carón dos clubs galegos e de toda a familia federada. Tomamos a decisión de deter as competicións en marzo e, posteriormente, dalas por pechadas en maio, sempre co máximo respeto á evolución da pandemia e ao criterio da Xunta Directiva, Comisión Delegada e Asemblea FGB, querendo representar así a todos os estamentos do noso Baloncesto. Respectamos tamén en todo momento, sen dúbida, as directrices das autoridades sanitarias autonómicas e estatais.

Pero somos conscientes de que esta temporada 2019 – 2020 trae consigo un panomara de incertidume deportiva e económica. A nivel deportivo todos os pasos están por dar en función da realidade que se impoña. Neste momento, e como agardo que todos saibades, estamos a traballar man a man coa Secretaría Xeral para o Deporte de cara a asentar e modificar, segundo sexa preciso, o protocolo de actuación para o regreso ás competicións.

Neste senso, non existe unha fórmula perfecta pero convidámosvos a todos a ser
parte do mesmo, desexando que o Baloncesto manteña a súa esencia na que se deu en chamar a "nova normalidade".

No aspecto económico, somos conscientes de que a COVID19 azotou con forza á realidade de todos, tanto dos clubs galegos, como da propia Federación que entre todos formamos. Pola nosa banda, seguimos inmersos nun ERTE que solicitamos para evitar unha situación comprometida xa que non podemos contar, polo momento, cunha axuda institucional por parte da XUNTA destinada a reactivar a federacións e clubs tras o golpe da COVID19.
A nosa mente está posto, por suposto, en apoiar aos clubs e ao Baloncesto Galego na medida na que a esta FGB lle sexa posible dentro do contexto que estamos a atravesar. Que son tempos máis que difíciles é unha obviedadade, pero que traballamos por adaptarnos ao presente e non deixar a ninguén atrás é algo que quero e debo dicir. Por isto anuncio unhas axudas para todos os equipos por un importe de ata 85.000€, destinadas a cubrir os gastos de inscripción dos equipos de Premini a Junior de 2ª división na totalidade, e os equipos Sénior e de 1ª División Junior, Cadete, Infantil e Preinfantil nun 50%; asímesmo a cota autonómica de cada clube tamén terá unha reducción do 50%.

Hoxe decidiremos as Bases deportivas para a temporada 2020 – 2021 e, de verdade, desexamos dende a FGB que este novo cliclo sexa o máis axeitado posible para que o Baloncesto Galego recupere o seu día a día, repleto de vida. No noso ánimo está.
Non quero rematar este informe especial de resumo de temporada, sen agradecervos a tod@s, sen distinción, a vosa comprensión e o sentirnos respaldados nestes complicados últimos meses. Dende casa quixemos facer o posible por sentirnos conectados virtualmente e recibimos moito cariño de volta.
Nesta liña, recoñecer tamén o traballo constante do persoal FGB, o cal levou e leva sempre a súa responsabilidade consigo dentro e fóra das catro paredes das oficinas e a pesar da situación.

O seu apoio, así como o de toda a actual xunta directiva, axúdannos a estar hoxe aquí pensando xa na nova temporada. Agardamos contar tamén coa vosa confianza e apoio sexan posibles.

## Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

1.- Tecnificación dos xogadores/as
2.- As selecciones autonómicas
3.- Area adestradores

Tamén informa sobre o seguinte:

- Organigrama segue como a temporada anterior.
- Realización de 7 PDC zonales de categoría Minibasket e Preminibasket, ata o mes de marzo.
- Realización de 7 PDC de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete de primeiro ano.
- Realización torneo coas seleccións Infantil de 1º ano a Portugal.
- Xornadas de Mellora Ténica de Xogadores/as no colexio Juniors en Santiago, en agosto do 2019.
- All Star Infantil en Noia con 39 xogador@s.
- Torneo Teresa Herrera para os Minibasket de 1º ano.
- Preparación das selecciones autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket.
- Participación das selecciones Cadetes e infantiles nos campionatos de España. A de minibasket non acudiu o campionato pola súa suspensión polo Covid-19.
- Interacción ca Area de Salud: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.
- Xuntanza Minibasket en Outubro en Santiago.
- Cursos de adestradores: 4 de iniciación con 120 alumnos.
- Formaciones presencias, poidemos organizar 3, Marín, Vigo e Culleredo.
- Plantexamos 3 accións formativas On-Line para adestradores.
- As titulacións académicas: seguimos co CAD Peleteiro-FGB este ano ofertamos o ciclo final de grado medido cun total de 57 alumnos entre ambos ciclos. A vindeira temporada comenzará a terceira promoción.

## Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Informes sobre árbitros e oficiais de mesa.
- Actividades formativas on-line: con informes de árbitros, video-test de oficiais de mesa FEB e árbitros, tamén a niveis zonais.
- ESGAR este ano con 22 alumnos e dirixida por Jacobo Rial. Supliuse a actividade presencial por actividades on-line nos meses de marzo, abril e maio. A temporada vindeira será "itinerante".
- Xornadas Técnicas Formativas: 24 xornadas en cada zonal.

- Cursos de Formación On Line. Aumento dos crusos presenciais que dan mellores resultados que os On Line.
- Mellora dos encontros dirixidos por un só árbitro.
- Clips en Instagram con criterios arbitrais.
- Xornadas técnicas formativas on line durante o confinamento coa asistencia de xente de prestixio no mundo do baloncesto e tiveron moito éxito, tanto nas actividades en directo como nas reproduccións en Youtube.
- Obxetivos ideales temporada vindeira: maior número de licencias, menor número de encontros con 1 árbitro, compartir cos clubs os criterios arbitrais a través das herramientas telemáticas, dar posibilidade os clubs de que remitan "clips" con situacións arbitrais que podamos analizalas e compartilas con todos; maior incidencia do aprendizaxe a través das plataformas on-line.

**Informe Sinistralidade Seguro.**

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre resumo deste ano. Falaremos cos datos da temporada 19-20 ata o 24 de maio.

Na temporada en cuestión tivemos 468 sinistros dos que 403 tiveron "procesos" é decir que ou ben tiveron que facer probas complementarias, ou intervencións quirúrxicas ou foron atendidos en urxencias. Isto representa un coste medio por sinistro de 585,79 €. O ratio de siniestralidade é do 76,94%.

O 57,67% dos sinistros acudiron a urxencias o que representa mais de 270 partes. Entendemos que esto o podemos mellorar xa que a veces vaise a urxencias poidendo solventar a posible lesión moito máis rápido indo o traumatólogo.

Con estos datos a compañía AXA propuso renovar a póliza cun nos mesmos termos que o ano pasado.

**4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 20/21.**

A Secretaria indica aos asistentes que só hai presentada unha enmenda por parte de Dª Paula Fernández López que o non estar presente enténdese como retirada.

**5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2020 -2021, aprobadas pola Comisión Delegada.**

A secretaria informa das emendas presentadas

- Artº 5.9 presenta a enmenda D. J. Carlos Alvarez Pacios está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade.

A secretaria indica que como as enmendas presentadas por D. Javier Cotelo implican uns cambios considerables nos sistemas de competición e de aprobarse, xa non poderían levarse a cabo as outras enmendas presentadas, o sr. Cotelo fará a exposición do conxunto delas e logo se votarán todas xuntas.

Artª 7; 8; 9; 10; 11 ;12 ;13; 14; 15 presenta as enmendas D. Javier Cotelo Rama. Non está asumida pola Comisión Delegada.
Este fai unha exposición sobre os sistemas de xogo propostos. Interveñen tamén membros da Comisión Delegada e diferentes clubs no debate. Tras o mesmo enténdese que hai que facer un estudo dos formatos de xogo das segundas divisións. Debido a esto Miguel A. Fernández propón a creación dunha comisión para facer este estudo para a cal preséntase voluntario.

Procédese a votación:
Votos a favor: 8 Votos en contra : 24 Abstencións: 5
Queda rechazada a enmenda.

- Art 16.5; 18.5 presenta a enmenda Dª Paula Fenández López, Paula Fernández López que o non estar presente enténdese como retirada.

- Artº 19.3 presenta a enmenda D. Miguel A Barreiro Outeda. Está asumida pola Comisión Delegada.
Queda aprobada por unanimidadade a enmenda.

**6.- Aprobación do calendario de Actividades 2020-21.**

A secretaria informa que se remitiu o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse a lo largo da temporada.

Apróbase por unanimidade o calendario de actividades 20-21.

**7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2019**

Toma a palabra o tesoureiro e por parte deste quere indicar aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e tamén informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2019. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Pásase a súa votación:

Votos a favor: 28 Votos en contra: 0 Abstencións: 6
Non exercen o seu dereito a voto 4 persoas.

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2019.

**8.- Orzamento de Exercicio 2020.**

A Secretaria explica aos existentes que o Orzamento do 2020 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de decembro do 2019, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

**9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .**

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2019/2020 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Pasase a súa votación:

Votos a favor: 30 Votos en contra: 0 Abstencións: 4
Non exercen o seu dereito a voto 4 persoas

Apróbase a ratificación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación.

**10. Rogos e Preguntas.**

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

D. Lepoldo Ibáñez, fai un rogo de que se fixen un criterio a agora de dividir as 2ª divisións junior, cadete e infantil, e que sexa por proximidade xeográfica.

D. Javier Codesido pregunta se sabe o criterio que hai dende a SXD para permitir os adestramentos con contacto.
A secretaria informa que a día de hoxe non pode haber contacto e que se estará o que dispoñan as autoridades sanitarias-deportivas.

D. Anselmo Noya Martínez, recorda que a derradeira asemblea quedouse no estudo das medidas dos campos de Minibasket. A secretaria infórmalle que o estudo (no que están 28 campos) aínda non está rematado debido o sucedido co Covid-19, e que o persoal da federación está en ERTE, pero tanto o vicepresidente como a xunta directiva comprométese a telo rematado antes de que empecen as competicións minibasket e preminibasket.

Tamén o Sr. Noya Martinez, prega a mesa que cando se fale da federación se faga co seu nome "Federación Galega de Baloncesto", non "Federación Gallega de Baloncesto".

D. Miguel Fernández Rodríguez, quere explicar o escrito que se remitiu a todos los asembleístas, é unha reflexión para que todos o teñamos en conta.

Dª Judith Trasancos Blanco, tamén quere comentar o escrito enviado a todos, dende o colectivo arbitral, para que se faga unha reflexión sobre o programa "O Baloncesto Educa" e que debería ter máis cobertura.

O presidente indica que este programa o levou a cabo a xunta directiva fai dous temporadas con tan só 8 equipos, e que na 19-20 ampliouse a todos os equipos da categoría premini. A xunta directiva gustaríalle seguir con él , pero dependerá do orzamento dispoñible.

Dª María Iglesias, responsable da area de comunicación da FGB, quere agradecer, especialmente os 40 equipos participantes, as familias, o colectivo arbitral toda a colaboración neste proxecto ata o momento da súa suspensión.

D. Valentín Pérez Vila, agradecer a aportación que vai facer a federación os clubs e que non deixemos de pensar na posibilidade de ver outras datas para as competicións por si hai outro parón na competición.

A secretaria indica que si hai algunha incidencia nas competicións está a Comisión Delegada para tomar as decisións axeitadas.

D. Ruben Engroba Cabo indica que o seu club organizou un campus con 10 participantes e que non foi fácil, pero que cumpriron todas as medidas de seguridade.Tamén quere deixar constancia de que algúns clubs non respectan as competicións de 2º división.

Dª Jesusa Ana Arca Pichel, fai unha aportación referente a evolución do cadete mixto, e comenta que moitos clubs que non estaban moi de acordo nun inicio, logo puxéronse en contacto con ela para dicirlle que a experiencia fora un éxito.

D. José Mª González Rodríguez, expresa a súa preocupación polo Covid-19 e as competicións de mini e premini que se xogan en concentración. A secretaria infórmalle que xa se trasladou a SXD esta inquedanza e que a día de hoxe non temos unha contestación. De todas formas intentarase buscar máis pistas por si non se poden xogar algúns encontros destas categorías en concentración. O Sr. González Rodríguez pon a disposición as pistas de Mera.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 20.54 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

**Relación de Asistentes**

E.D.M. Estradense (Alfonso Sanmartín Carbón)
ADC Dorna (Alfredo Padín Núñez)
C.B. Allariz (Aniceto Fernández Fernández)
C.B. Meco (Anselmo Noya Martínez)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)
C.B. Artai (Joaquin Moreira Mira)
C.B. Fundación Acea da Má (David Castañón Gadea)
C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)
C.B. Basquet Coruña (Juan C. Fernández Herrero)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.B. Arteixo (Francisco Lozano Miranda)
C.B. Cambre (Javier Prieto Souto)
C.B. Breogán (Jesus Lázare Rincón)
C. Porriño Bto. Base (Jenaro Alonso Suárez)
C.B. Valle Inclán (José Mª González Rodríguez)
A.D. Bosco Salesianos (José Valentin Pérez Vila)
C.D. Bosco (Juan C. Alvarez Pacios)
C.B. Vedruna (Julio Feijoo Pardo)
C.B. Universitario Ferrol (Leopoldo Ibáñez Santiago)
C.B. Salesianos Vigo (Oscar Carbajo Lorenzo)
E.B. XIria (Primitivo Reguera Rodríguez)
C.D. Sagrado Corazón (Rubén Engroba Cabo)
C.B. Maristas Lugo (Flavio Lombardía Toirán)

FE.DE.SA. (Francisco J. Montero García)
C.B.Sto. Domingo Betanzos (José M. Valeiro Iglesias)
C.B. Noia (José R. López Campos)
C.B. Rio Ulla (Mª Isabel Rey García)
C.B. Estudiantes Pontevedra (Miguel A. Barreiro Outeda)
C.B Nigrán (Nuria Gómez Domínguez)
Daniel López Illán (Arbitros)
Judith Trasancos Blanco (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
F.Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogador)
Laura Alonso Fernández (Xogadora)
Javier Codesido Farto (Adestradores)
Javier Cotelo Rama (Adestradores)
Jorge López Mosquera (Adestradores)
Francisco Martín Micó (Presidente)

**Relación de Invitados**

Jesús Garrido Bailón
Carlos Taibo Rey
Fernando Fariña Aboy
Oscar Engroba Cabo
Marina Vidal Lorenzo

VºBº O PRESIDENTE.